

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 29 DE ABRIL DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Comisión Galega de Delimitación Territorial

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-424 (Cumiar (PO-402)-Cumiar) en toda a súa lonxitude entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico: 0+400, a prol do Concello de Ponteareas

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se configura e introduce a especialidade en documentación Sanitaria na categoría de técnico especialista do Servizo Galego de Saúde

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pontevedra para a construción do novo edificio xudicial.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Cañiza para a realización das obras de adecuación e mellora de servizos urbanísticos en varios espazos do núcleo urbano da Cañiza, por importe de cento noventa e dous mil novecentos oitenta e catro euros con noventa e oito céntimos (192.984,98 €)

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CREA A ESPECIALIDADE EN DOCUMENTACIÓN SANITARIA DENTRO DA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA

- *Para tal efecto aprobouse un proxecto de decreto*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un Decreto polo que se configura e introduce a especialidade en Documentación Sanitaria na categoría de técnico especialista do Servizo Galego de Saúde.

No tempo transcorrido desde a creación do Sergas producíronse importantes cambios na atención sanitaria prestada nas súas institucións. O dereito á protección da saúde consagrado no artigo 43 da Constitución require dos poderes públicos unha constante adaptación das estruturas sanitarias ás novas necesidades, e a incorporación a ditas estruturas, cando sexa procedente, de persoal cunha formación profesional específica para a realización de determinadas funcións.

Nos últimos anos obsérvase un incremento considerable da demanda asistencial na atención especializada e na atención primaria, tanto en hospitalización coma nas consultas e en urxencias. Tendo en conta o sinalado, veñen funcionando nos centros sanitarios os servizos de Admisión e Documentación Clínica, encargados da organización e tratamento da información e documentación clínica e a súa codificación.

Para a súa correcta xestión operativa, o departamento que dirixe Pilar Farjas considera adecuada a incorporación de persoal formado especificamente para a realización de funcións de xestión e organización da documentación sanitaria, así como de avaliación e control de calidade nesa materia; isto sen prexuízo de que concorran no desempeño destas actividades e funcións con outras categorías de persoal sanitario e de xestión e servizos.

Preténdese, pois, incorporar persoal técnico especialista que, baixo a supervisión correspondente, colabore en definir e organizar procesos de tratamento da información e da documentación clínica, codificándoa e garantindo o cumprimento das normas da Administración sanitaria e dos sistemas de clasificación e codificación internacionais.

A creación da nova especialidade dentro da categoría de técnicos especialistas responde ao consenso existente na Mesa Sectorial de Negociación respecto á necesidade de promover a incorporación de profesionais da área sanitaria con novas titulacións aos cadros de persoal das institucións sanitarias.

Para o acceso á especialidade de Documentación Sanitaria será requisito indispensable estar en posesión do título de técnico superior en Documentación Sanitaria (formación profesional da área sanitaria).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Funcións**

Segundo o proxecto de decreto, corresponde ao persoal técnico especialista en Documentación Sanitaria a función, baixo a dirección do médico de Admisión e Documentación Clínica, de colaborar na organización e xestión dos arquivos de documentación e historias clínicas e na avaliación do proceso de tratamento da información e a documentación clínica.

Serán, tamén, funcións destes profesionais identificar, extraer e codificar os datos da documentación sanitaria no ámbito do servizo de Admisión e Documentación Clínica; validar e explotar a información do conxunto mínimo básico de datos mediante ferramentas estatísticas, epidemiolóxicas e de control de calidade; e, ademais, participar na posta a punto de novas técnicas, en proxectos de investigación e en programas formativos, así como propoñer medidas relacionadas coa eficiencia e seguridade.

Por último, cómpre sinalar que lle correspondería ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da nova especialidade que poden prestar servizos con carácter estrutural.